

## NOTA DE PRENSA

O banco reclamáballe máis de 1.300 € a unha muller que nunca foi usuaria da entidade

### **Nun ficheiro de morosos por unha débeda inexistente co BBVA**

**Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019**

Unha débeda de **máis de 1.300 euros** co BBVA, entidade bancaria da que nunca fora cliente, levou a unha socia da Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) a figurar nun **ficheiro de morosos**, situación que descubriu ao solicitar un préstamo noutro banco. A orixe da **suposta débeda** era unha tarxeta de crédito na que esta asociada constaba como titular.

Desde UCGAL procedeuse a **tramitar a correspondente reclamación** para que a afectada deixara de figurar no ficheiro de solvencia patrimonial e **solicitouse tamén a cancelación da débeda** tendo en conta, primeiro, que nunca mantivo relación co BBVA na condición de usuaria e, segundo, que **non recibiu comunicación algunha** sobre a suposta débeda e a súa posterior inscrición no ficheiro de morosos.

O **traballo** desta entidade demostrou non só que a asociada nunca tivera relación comercial co banco, senón que, ademais, os datos recollidos no ficheiro non coincidían plenamente cos desta persoa.

Finalmente, **acadouse o obxectivo pretendido coa reclamación**. Por unha banda, o BBVA deuna de baixa do ficheiro de solvencia patrimonial e, por outra, cesou no seu empeño de cobrar a débeda.

Ante a gravidade dos feitos, **UCGAL prepara a interposición dunha demanda por danos e prexuízos**; procedemento que recomenda para estes casos dada a angustia e as consecuencias administrativas que se xeran pola inclusión inxustificada nun ficheiro de morosos. **Situacións como esta están á orde do día**. Por iso, é importante e pertinente buscar asesoramento en entidades de referencia como a Unión de Consumidores de Galicia para saber como proceder nestes casos.

***Para máis información:***

*prensa@consumidores.gal / info@consumidores.gal*

*981 56 64 11 / 981 58 66 96*